

INVITACIÓN Á HISTORIA DA FILOSOFÍA (2º Bach.)

Esta asignatura ten como obxectivo básico o coñecemento da historia do pensamento e dos problemas que fixeron avanzar o coñecemento da sociedade. Trátase de profundizar a reflexión filosófica iniciada en 1º de Bach. sobre algunhas cuestións tales como :

- Cando e como nacen o pensamento e a Filosofía?
- A filosofía grega: o interese por explicar o que existe, o cosmos e o ser humano.
- A Idade Media: É mellor pensar ou limitarse a crer en Deus?
- A recuperación da importancia da razón na modernidade:
 - Como podemos estar seguros de que é verdade o que sabemos?
 - Como debemos actuar? Cales son as características dunha persoa digna?
- Análise da sociedade contemporánea: Como funcionan a sociedade e a historia segundo Marx. Capitalismo e comunismo.
- A crítica de Nietzsche ós valores da filosofía e a ciencia occidentais: Como vivir sendo os únicos donos da nosa vida.
- O século XX:
 - A Filosofía analítica, ou como analizar o que dicimos para chegar á verdade a través da linguaxe.
 - O existencialismo: o ser humano vese condeado a existir tomando toda a súa vida decisións difíciles.
 - A escola de Frankfurt e a postmodernidade : Con todo o coñecemento acadado, vivimos realmente mellor que os gregos? Somos máis felices? Para que debe servir o coñecemento?

En definitiva, o obxectivo da asignatura é que consigades:

- Unha maior capacidade á hora de argumentar, mellorando tanto a expresión oral dos pensamentos como a composición de textos que expresen coherentemente e de maneira clara e esquemática o resultado do voso traballo de comprensión e reflexión sobre os problemas tratados.
- Usar a Filosofía como ferramenta para acadar unha maior madurez, claridade e precisión no xeito de pensar.
- Unha actitude reflexiva e crítica que non acepte nada preconcebido, e unha madurez intelectual que permita unha valoración máis aguda de calquera tema tratado.